

O proxecto People & Planet premiará con viaxes a Cabo Verde catro murais sobre acción climática

- As mozas e mozos de 18 a 35 anos teñen ata o 15 de decembro para enviar propostas que ilustren o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 13
- O Fondo Galego de Cooperación organiza o concurso financiado pola UE e a Xunta en colaboración cos concellos de Covelo, Guitiriz, Narón e O Barco

Pontevedra, 20 de novembro de 2023. O Concurso de Murais 'People & Planet' premiará con viaxes sustentables a Cabo Verde ás autoras ou autores das catro obras que mellor ilustren o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 13, que chama a "**adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos**". Ata o 15 de decembro está aberto o prazo para enviar as propostas, que na primavera se farán realidade en muros de Covelo, Guitiriz, Narón e O Barco de Valdeorras. Os catro concellos son socios do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](http://www.fondogalego.gal), entidade que convoca este certame cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea e a Xunta de Galicia.

O obxectivo do proxecto europeo 'People & Planet: un destino común' é sensibilizar á xente nova sobre a emerxencia climática para que introduza mudanzas no seu estilo de vida e reclame políticas públicas encamiñadas a facerlle fronte. De aí que o concurso de murais estea dirixido a **artistas de entre 18 e 35 anos de todo o Estado**, que poderán presentar ata dúas propostas para dous muros diferentes seguindo o procedemento establecido nas bases, dispoñibles en www.fondogalego.gal. As obras deben ser inéditas, de xeito que non fosen recreadas anteriormente nunha parede nin premiadas noutros certames. A técnica será libre e organización facilitará todos os materiais necesarios para facelas realidade.

O premio para cada unha das persoas gañadoras será unha viaxe de turismo sustentable a Cabo Verde, a fin de **coñecer a realidade dun país da África lusófona** co que o Fondo Galego leva colaborando dúas décadas. Ao longo dunha semana, as e os galardoados percorreren as illas de Santiago e Fogo, incluíndo rutas de sendeirismo guiadas e visitas a iniciativas locais como cooperativas vinícolas ou o proxecto ambiental Cidade Verde. A viaxe levarase a cabo en maio de 2024 da man da axencia especializada Oi Cabo Verde.

Con anterioridade, cada artista terá ocasión de **presentar a súa proposta ante un grupo de xente nova** do municipio correspondente, escoitando á súa vez as ideas da mocidade e mesmo convidándoa a sumarse ao pintado nalgunha das fases do mural. Impúlsase así un activismo que pon en valor o **potencial transformador da creación artística**, promovendo o

pensamento crítico e reivindicando un cambio social. De igual xeito, foméntase a participación cidadá na construción de cidades e vilas sostibles, ao tempo que **se transforma o espazo público de maneira colectiva**. Calquera dúbida sobre a convocatoria pode consultarse no enderezo electrónico comunicacion@fondogalego.gal ou no teléfono 604 040 890.

ODS 13: Acción polo Clima

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son 17 metas globais que os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 para **erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade** para todas as persoas no horizonte de 2030. A tamén chamada [Axenda 2030](#) abrangue temas coma o xénero, a saúde, a educación, o medio ambiente ou a paz. Todos os ODS da entroncan dalgún xeito coas competencias locais, de aí que o papel dos municipios sexa clave para acadalos.

Concretamente, o [ODS 13](#) pon de relevo que as persoas **vivimos na nosa propia pel as consecuencias do cambio climático**, coma a seca ou as inundacións. Os gases de efecto invernadoiro que produce a actividade humana acentúan a ameaza a nivel global, xa que as emisións na nosa zona prexudican a poboacións afastadas, e viceversa. A solución pasa por adoptar políticas ao respecto e por concienciar sobre as medidas que podemos tomar.

#PeopleAndPlanet

O proxecto '[People & Planet](#): un destino común' busca concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2020 e que se prolongará durante catro anos, reforza tamén aos gobernos municipais na promoción de políticas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. Procúrase así contribuír a implementar a Axenda 2030. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 17 entidades de Galicia, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Cabo Verde.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 99 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vén de cumprir 26 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

NOTA DE PRENSA



ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.org



Oficina Técnica do Fondo Galego

Tel. 698 144 536

www.fondogalego.gal